



VILANOVA DE AROUSA: 1866-1895.

1866: 28 de outubro.

Nace en Vilanova de Arousa, nunha casa da rúa San Mauro propiedade de seu pai coñecida co nome de Casa do Cantillo. Así consta na partida de bautismo e así pensaban os seus coetáneos e amigos como Pastor Pombo que recordaba *"aquella casa de la rúa de San Mauro en que el gran Don Ramón vino a la vida"* ou as corporacións municipais vilanovesas de 1925 e 1936 que acordan dar o nome do escritor *"a la que actualmente se conoce como calle de San Mauro y en la que precisamente nació el ilustre escritor gallego"*. Tamén así o indican as biografías escritas antes de 1966 que, como a de Fernández Almagro, se ocupan deste punto. Existe, sen embargo, unha tradición, moi difundida pero carente de fundamento, que desde 1966, ano do centenario do escritor, sitúa o seu lugar de nacemento na tamén vilanovesa Casa do Cuadrante, no que era o domicilio dos seus avós maternos e onde na actualidade se ubica a casa-museo do escritor.

Seus pais foron Ramón del Valle-Inclán Bermúdez (Pobra do Caramiñal, 1823-1890, Pontevedra) e Dolores Peña Montenegro (Santa Cruz de Lesón (Pobra do Caramiñal) 1838-1911, Pontevedra).

*Casa do Cantillo:

Coñecida tamén cos nomes *"de San Mauro"*, en referencia á rúa na que se sitúa (desde 1924 chamada rúa Valle-Inclán na que foi sinalada primeiro co número 2 e logo co 4, e tamén *"dos tres balcones"* por alusión aos que se abren na planta superior, responde á tipoloxía habitual nas casas que habitaba a burguesía decimonónica nas vilas marítimas das Rías Baixas: construídas en granito labrado (perpiaño), de dúas ou máis plantas e abertas ao exterior con amplas fiestras e balcones - en contraste cos pequenos ventanos e as paredes encaladas das escuras e míseras casas dos mariñeiros- pero sen a ostentación decorativa da casa grande ou do pazo . O nome de Cantillo provén dun dos apelidos da que era a súa propietaria a mediados do século XVIII: Josefa del Cantillo Saco y Bolaño, tataraboa de Valle-Inclán. Dela herdárona sucesivamente seu fillo Manuel Bermúdez Bastón y Torrado del Cantillo, bisavó do escritor, e deste á súa filla Juana Bermúdez de Ponte y Andrade, casada Carlos del Valle-Inclán. Deles recibe a casa seu fillo Ramón del Valle Bermúdez e nela se instala no outono de 1865 despois de casar en segundas nupcias con Dolores Peña (25-III-1865) e do nacemento (25-IV-1865) na casa dos avós, O Cuadrante, de Carlos, primeiro fillo do matrimonio. No Cantillo, tal e como consta nas respectivas partidas de bautismo, nacen, ademais de Ramón, os restantes fillos do matrimonio - Arturo Nepomuceno (1868-1878), María de la Concepción (1869), Leopoldo Antonio (1870-1871), Francisco Marcelino (1872), Marcelino Eulogio (1874), Juan Nepomuceno Luis (1875-1878) e José (1879-1887), numerosa prole á que hai que engadir as dúas criadas, Josefa López e Manuela González, que por entón asisten á familia. Por eso en 1868 Valle Bermúdez decide ampliar os douscentos metros cadrados que suman ambas plantas da casa, uníndo a esta outra colindante, propiedade de seu sogro Francisco Peña. Este é pois o domicilio familiar no que transcorre a infancia e xuventude de Valle-Inclán, aquí ocupaba -segundo o testemuño de Catalina Peña, muller de seu irmán Carlos- unha habitación

grande e torcida que daba á parte exterior, cara unhas figueiras que había na ampla horta do antigo priorato beneditino. A casa abría a súa fachada á praza de San Mauro, onde na capela homónima e arredor do cruceiro que esta tiña diante, se celebraba no mes de xaneiro a romaría do santo á que acodían devotos, cegos e lisiados de toda a comarca.

"Entre los recuerdos que conservo de mis locos terrores de niño, más vagos y más en la sombra a medida que el tiempo pasa, sobresale el del viejo mendigo que pedía limosna en el crucero de Brandeso"

"El Mendigo" (1891)

Trala morte do pai en 1890 o núcleo familiar disgrégase e súa nai, que agora vive en Pontevedra, vende a casa en 1893 co que as estancias futuras de Don Ramón na vila van ter como escenario a outra casa, O Cuadrante, propiedade da súa avoa ata 1895 e de seus primos a partir deste ano.

Seus avós maternos eran Francisco Peña Cardecid e Josefa Montenegro y Saco-Bolaño. Francisco Peña, alcalde de Vilanova de Arousa cando nace seu neto, procedía dunha familia de escribáns (seu pai era o escribán José Manuel de la Peña Oña e a súa nai Serapia Fernández Cardecid, filla do xuíz xurisdiccional de Cambados Francisco Fernández Cardecid y Sotomayor). Os irmáns de Francisco Peña, frades beneditinos exclaustados, e el mesmo foron os grandes beneficiarios da Desamortización de bens eclesiásticos que a partir do ano 1836 pon en marcha o novo réxime liberal. Así, en Vilanova de Arousa, acaparan a maior parte das rendas forais procedentes da desamortización e subasta, en 1845, dos bens do Priorato da vila, co que consolidan e aumentan o poder económico e social que xa viñan detentando. Así pois, este rico propietario, responde ao perfil do político conservador da época isabelina, alineado nas filas da Unión Liberal, partido que co Moderado representa os intereses da élite no poder que tras reconciliarse coa vella aristocracia é partidaria dunha revolución burguesa moi limitada. Como tal desempeña en Vilanova de Arousa case de forma permanente o cargo de concelleiro e mesmo é alcalde da vila nos periodos 1842-3, 1854-6 e 1865-7. En xullo de 1864 asiste en Santiago ao Congreso Agrícola Galego no que vota en contra da redención dos foros.

Josefa Montenegro y Saco procedía dunha familia fidalga, os Saco Bolaño, propietarios desde o século XVII do Vínculo e Morgado que unía os dominios de Colo de Arca na Pobra do Deán e Casa Grande da Xunqueira en Vilanova de Arousa.

*Casa do Cuadrante:

É a casa onde residen seus avós maternos desde 1846 ata que morren, Francisco Peña en 1882 e Josefa Montenegro en 1895. O inmovible procede das propiedades desamortizadas ao extinto Priorato de Cálogo, de aí o nome da rúa na que se sitúa. En 1846 - ao ano seguinte da subasta dos bens do ex priorato de Cálogo- Francisco Peña faise co pleno dominio desta casa na xa estaba vivindo (en 1801 fora aforada polo seu antepasado Antonio Ramón de la Peña en sesenta reais de vellón anuais de renda) mediante permuta por unha propiedade que detentaba en Corvillón (Cambados) tamén procedente da Desamortización.

O conxunto consta dun edificio alongado de dous andares aos que se accede por dous patíns (escaleira e solaina) exteriores e dun xardín -evocado no título que Valle-Inclán pon ao fronte do seu único libro de contos, Jardín Umbrío- no que destaca un magnolio máis de dúas veces centenario.

Nesta casa e nos seus arredores transcorren moitas das horas infantís do escritor:

"En San Mauro vivía, sí, y allí iba yo a jugar con él. Pero en la Casa del Cuadrante -con escudo de sus antepasados- vivían sus abuelos, y su infancia transcurrió en esta casa. Y ya se sabe que su primer libro, escrito a su vuelta de Méjico, lo concibió y realizó en ese lugar noble, a la sombra de centenario magnolio, que aún existe."

declaraba nunha entrevista o seu coetáneo e amigo da infancia Francisco Lafuente Torrón. Aquí servía "La Pexeja", nacida en Andrés en 1813, que –segundo Camaño Bournacell- "era la que entretenía al, en estas ocasiones, expectante y siempre curioso y preguntón Valle, contándole los sucesos de la primera Guerra Carlista, de que ella había sido testigo (...) y en donde ella se viera envuelta en la ocultación del "faccioso" José Martínez de Andrade, el legendario cabecilla de la tierra del Salnés, apresado en el mes de abril de 1835...". Tamén serviu no Cuadrante alguén da casa das "Galanas" ou "Galanuchas" que vivían nunha casa próxima tamén no Priorato. Dunha delas procede, no plano literario, o personaxe de Micaela la Galana en Jardín Umbrío.

"Tenía mi abuela una doncella muy vieja que se llamaba Micaela la Galana: Murió siendo yo todavía niño: Recuerdo que pasaba las horas hilando en el hueco de una ventana, y que sabía muchas historias desantos, de almas en pena, de duendes y de ladrones. Ahora yo cuento las que ella me contaba, mientras sus dedos arrugados daban vueltas al huso. Aquellas historias de un misterio candoroso y trágico, me asustaron de noche durante los años de mi infancia y por eso no las he olvidado. De tiempo en tiempo todavía se levantan en mi memoria, y como si un viento silencioso y frío pasase sobre ellas, tienen el largo murmullo de las hojas secas. ¡El murmullo de un viejo jardín abandonado!"

Jardín Umbrío.

En 1882 morre o seu avó, Francisco Peña, pero O Cuadrante segue a ser a residencia da súa avoa Josefa Montenegro ata a súa morte en 1895. O ano anterior, en abril de 1894, a súa volta de México, un ano máis tarde da venda pola súa nai da casa do Cantillo, Valle asina aquí a novela curta Rosarito e en 1895 o volume no que esta se integra, Femeninas, o primeiro libro que publica.

1866: 31 de outubro.

É bautizado na igrexa parroquial, situada na praza da Pastoriza, hoxe coñecida como "igreja vella". Actúan de padriños os seus avós maternos e administra o sacramento e redacta a acta do mesmo o párroco da vila José Benito Rivas.

*Igrexa da Pastoriza.

Cando bautizan a Valle-Inclán, apenas transcorreran sete anos desde que esta capela, adicada á Virxe da Pastoriza e construída no primeiro terzo do XVIII, fora ampliada e convertida en igrexa parroquial, a iniciativa do seu avó Francisco Peña e do párroco José

Benito Rivas. A devoción por esta advocación viña de antigo: de 1738 data a constitución con bula papal dunha confraría "con la invocación de la Bienaventurada Virgen de la Pastoriza".

*BENITA LA COSTURERA.- ¡Doña Moncha de mi alma,
no diga eso! ¡Santísima Virgen de la Pastoriza, hay mucha
gente mala, y si la oyen y dan en repetirlo!...*
(Romance de Lobos).

A anterior sede parroquial - situada escasamente a un quilómetro do centro da vila, nun lugar elevado no que aínda hoxe permanece o cemiterio que a cercaba- era a igrexa monacal beneditina de San Cibrán de Cálogo, construción de finais do século XII de nave románica e ábside gótico á que se lle foron adosando ata seis capelas en estilo gótico tardío nos séculos XV e XVI, no momento de máximo apoxeo comercial e pesqueiro da vila. A decadencia que sobrevén á vila nos séculos XVII e XVIII e o proceso desmortizador de 1836, que priva ao Priorato das súas rendas, provocan o progresivo deterioro desta igrexa. O colofón ruinoso pono o traslado, en 1859, da titularidade parroquial así como o de parte das súas pedras e imaxes ao novo templo. Entre estas figura o grupo escultórico da Trindade, o "*alabastro inglés*" realizado nos talleres de Nottingham no século XIV, que presidiu as pilas bautismais de ambos templos e presenciou o bautizo do futuro escritor.

*Antigas ruínas do mosteiro e igrexa de Cálogo e cemiterio da vila.

Da antiga igrexa todavía permanecían en pé a comezos do século XX -e en consecuencia durante a infancia do escritor- "dos tramos de presbiterio abovedado con cañón apuntado hacia la cabecera, cuadrada, con obra de buena sillería e imposta sobre dos pares de columnas" que se levantaban sobre as tumbas do cemiterio nas aforas da vila. Neste camposanto están soterrados, ademais de moitos antepasados de Valle-Inclán, seus avós maternos, seus pais, seus catro irmáns mortos prematuramente e Carlos, o seu irmán maior.

*"Antes de cegar había sido costurera, y guardaba del
campo una visión de anochecido, cuando finada la tarea
iba a las Cruces. La iglesia, entre cipreses, tenía un atrio
verde cubierto de sepulturas. Era en medio de maizales y
caminos luneros. Aquel paisaje acendrado, inmovilizado,
embalsamado de recuerdos, era el de sus historias".*
(La Lámpara Maravillosa)

*"Cuando llegó al alto de Verdicio, su respiración
era en extremo fatigosa, y no podía andar apenas, tanto
que pocos pasos más adelante hubo de sentarse en una
encrucijada que el camino formaba con otros dos,
campestre el uno y carretero el otro, y en medio de la cual
había una cruz de piedra que rodeaban y oscurecían con
sombrio y poético misterio algunos álamos negros: a un
lado, no muy lejos, se veía una tapia cubierta de hiedra;
caían sobre ella algunos sauces llorones, y detrás se
alzaban los muros verdinegros de un convento en ruinas.
(...) Aquella bóveda rumorosa parecía la nave de un
templo gótico, y el ruido que la lluvia producía al caer
sobre las hojas secas el eco de las plegarias de los fieles.*

*Cuando después de atravesar el bosque, abrió el
viejo Quintañones la cancilla del atrio, sintió que el
corazón se le apretaba; allí yacía todo cuanto le era caro,*

la sepultura de sus padres, que el cuidaba de mandar limpiar todos los años por difuntos, los cipreses donde cogía nidos cuando estudiaba en el convento, el mismo carcomido sauce al pie de la fuente, que cubierta de musgo y casi seca, parecía llorar la pérdida de los monjes que su enterramiento en aquel lugar tenían..."

"Via Crucis". Villanueva de Arosa, 20 de noviembre de 1887. Ramón del Valle y Peña.

1866-1873

Dezanove días despois do nacemento de Valle-Inclán, seu pai escribe unha carta a Murguía na que fai alusión indirecta a este evento:

" Puebla 16 de Noviembre de 1866: Mi querido amigo: habiendo tenido que pasar muchos días en Villanueva con motivo de haber parido allí mi esposa, he recorrido hace pocos días aquellas inmediaciones buscando monumentos célticos de que dar a U. noticia, por más que comprenda que para la Historia no tengan ya oportunidad, y he visto las piedras de que dieron a U. conocimiento situadas entre Villagarcía y Cambados. (...).

Ramón del Valle Bermúdez, home polifacético e de ideoloxía progresista, tras adicarse á navegación como *"piloto da carreira de Europa"* e traballar como funcionario na delegación de Facenda de Pontevedra aparece en 1863, en Santiago, vinculado a dous dos medios máis representativos da modernidade do século: na prensa como redactor do xornal La Opinión Pública e no ferrocarril como secretario e accionista da sociedade para a construción do Ferrocarril Compostelano de Santiago a Carril. Precisamente en Santiago nas xornadas do Congreso Agrícola Gallego de 1864 coñece a Manuel Murguía, quen lle solicita colaboración na recollida de datos arqueolóxicos para a Historia de Galicia que está a redactar.

Ramón del Valle, instalado en Vilanova a partir de 1865, recorre, nos dous primeiros anos de vida do noso escritor, ambas marxes da ría de Arousa na procura de conxuntos prehistóricos *"piedras célticas"* e restos de torres medievais dos que dá cumprida información epistolar ao seu amigo Murguía. Sobre un deles, o Castelo de Lobeira, publicará en 1886 un estudo no xornal Crónica de Pontevedra e Valle-Inclán adicaralle un dos tres artigos que dentro da serie das Cartas Galicianas publica en 1891 no xornal El Globo de Madrid titulado *"Por la tierra saliniense. El castillo de Lobeira:*

POR LA TIERRA SALINIENSE. EL CASTILLO DE LOBEIRA

"En el haz de cuartillas que el viento, con un retozo de muchacho, acaba de esparcir sobre la mesa, pláceme conservar ahora la impresión de estos tres días de ajetreo incesante por la tierra saliniense o condado Lampario, como en la Edad Media se decía. (...)...quiso la suerte depararme el encuentro de unas ruinas -que es siempre para mí el mejor de los encuentros-. No entraré en investigaciones para decir si eran godas o romanas. Soy tan poco arqueólogo, que nunca en las piedras viejas acerté a ver un dato histórico, ni a leer una fecha;

bástame con la impresión artística y si se quiere un poco saudosa. (...) Desde los primeros siglos de la dominación romana hubo en la cumbre del monte de Lobeira un castillo roquero que, saqueado y quemado en la época sueva, vuelve a aparecer en el reinado de Alfonso I, allá en los albores de la Reconquista. Propiedad unas veces de la corona y otras de la mitra compostelana jugó un importante papel en las revueltas promovidas, cuando en contra, cuando a favor de D^a Urraca por el arzobispo D: Diego Gelmírez.

Reconstruido varias veces durante esta época hubo al fin de dárselo Alfonso VII a Fernán de Trava, el caballero desengañado, aquel de quien refiere una crónica portuguesa, que trajo siempre en el sombrero dos cuernos de plata. Después volvió a la corona, y de la corona pasó a la mitra, y de la mitra a los condes de Altamira, al diablo y a su madre, hasta que mediado el siglo XV fue arrasado por los hermandinos.

Descendía yo del monte abanicándome la frente sudorosa con el sombrero de anchas alas, cuando acertó a pasar por mi lado una moza aldeana, encendida como las cerezas y de ademán brioso y rozagante. (...)

*Monte de Lobeira. András (Vilanova de Arousa).

Desde esta atalaia, que tan ben coñecía Valle-Inclán, a vista alcanza ata os confíns da chaira que conforma o val do Salnés. Por iso desde aquí é posible identificar os lugares que integran a xeografía literaria valleinclaniana nesta comarca, a máis representada na obra do escritor.

Así, por exemplo, ao leste divisamos o entorno das aldeas de Lantaño, Lantañón lugares preto de Brandeso na ficción literaria, onde Valle sitúa o solar e pazo de Don Juan Manuel Montenegro na Sonata de Otoño.

"Creo que era el primogénito de los caseros que Concha tenía en sus tierras de Lantaño y uno de los cien ahijados de su tío Don Juan Manuel Montenegro, aquel hidalgo visionario y pródigo que vivía en el Pazo de Lantañón".

Tamén na Comedia Bárbara Cara de Plata:

"Alegres albores. Luengas brañas comunales, en los montes de Lantaño. Sobre el roquedo la ruina de un castillo, y en el verde regazo, las Arcas de Bradomín. (...)
PEDRO ABUÍN.- Ganados de Lantaño, siempre tuvieron paso por Lantañón. (...)
DON JUAN MANUEL MONTENEGRO (...). Es un hidalgo mujeriego y despótico, hospitalario y violento, rey suevo en su Pazo de Lantañón.

Cara ao sur, o mosteiro da Armenteira que inspirou varios poemas de Aromas de Leyenda; Gondar, lugar de orixe do seu cego mais emblemático e frente ao océano a praia e ermita da Lanzada, que en Flor de Santidad se agochan tralo nome de Santa Baia de Cristamilde e en El Embrujado. Tragedia de tierras de Salnés, aparece xa co seu propio nome:

"LA MOZA DEL CIEGO.- A este cativo le hicieron mal de ojo, y menester será llevarlo a que reciba las ondas de la mar bajo la luna de medianoche.(...)

EL CIEGO.-¡Mejor a Nuestra Señora de la Lanzada!."

No oeste, distinguimos algúns dos lugares do entorno vilanovés que inzan a obra do escritor: András e Corón, aldeas de procedencia dos foreiros de Dona María en Romance de Lobos, obra na que Don Juan Manuel Montenegro naufraga no areal das Sinas, prais desde onde divisa o Con do Frade; en El Embrujado, Pedro Bolaño tamén cobra foros en András e posúe muíños en Aralde, La Galana recolle esquilmo na praia da Braña e Remigio procede do lugar de Cálogo. Tamén vemos Sobrán cuxa feligresía ocupaba o abade incinerado en El Rey de la máscara (Jardín Umbrío).

Ramón del Valle, era fillo de Juana Bermúdez, natural da Pobra do Deán e de Carlos Luís del Valle-Inclán da Rúa-Nova en András (Vilanova de Arousa), onde xorde o apelido que sempre utilizará o escritor.

*Pazo da Rúa Nova. András (Vilanova de Arousa).

A orixe desta casa remóntase a 1738 cando Miguel Inclán Santos, procedente dunha familia vilanovesa de tradición mariñeira, tras regresar enriquecido de América, onde radica dazaseis anos adicado ao comercio (non foi pois militar ao servizo da Felipe V nas campañas de Flandes e Buenos Aires como de xeito mitificador se ten dito), casa con Rosa Malvido e inicia, nun solar da Rúa Nova no que xa existía unha vella torre do século XIV, a construción dun pazo e dunha capela baixo a advocación de San Miguel Arcanxo. En 1751 asegura a continuidade de pazo, capela e propiedades coa fundación dun Vínculo e Morgado.

Cando en 1966 Torrente Ballester dentro dun recorrido pola xeografía valleinclaniana visita este pazo exclama:

"¡Dios mio! ¡Quien te ha visto y quien te ve! Todos los barruntos me hacen creer que este pazo de San Lorenzo de András es el núcleo de cuantos Valle-Inclán sembró por la Galicia de sus obras, tanto el de la pobre Concha -¡idealizado con `préstamos de aquí y de allá, y, ante todo, de Brandeso-, como el de Don Juan Manuel, mucho más próximo a este en las descripciones de las Comedias Bárbaras..."

EL CABALLERO.-Debemos hallarnos cerca de San Lorenzo de András. Conozco la campana.(...)

"Una sala con tribuna y una capilla..." (...)

DON FARRUQUÍÑO se encarama en el retablo, y despoja de su espada de plata al tutelar de la capilla. Los ojos del

tiñoso Satanás ríen encarnizados bajo las plantas del Arcángel.

DON FARRUQUIÑO.- ¡Dispensa, pero para eso estás encima, Glorioso San Miguel!.(...)

Pero como Miguel Inclán carece de descendencia directa transfírelle o vínculo ao matrimonio formado pola súa irmá Antonia de Inclán e Pablo del Valle, cuxos descendentes Francisco, Joseph Antonio e os seus catro irmáns restantes son os primeiros en levar un apelido, Valle-Inclán, que había de soar alto no mundo da cultura.

En primeiro lugar grazas ao propio Francisco del Valle-Inclán (1736-1804), catedrático de Leis na Universidade de Santiago e reitor do Colexio de San Clemente, artífice da ampliación e reforma da biblioteca da Universidade, creador da primeira publicación periódica galega, "El Catón Compostelano" e autor de obras de erudición filolóxica como as Prenociones a la inteligencia de las Santas Escrituras.

Do matrimonio entre Joseph Antonio del Valle-Inclán e Juana Malvido, sobriña da fundadora consorte, nacerían aquí na Rúa Nova, en Andrés, Isabel e Carlos Luis del Valle-Inclán, avó paterno do escritor. Carlos Luis, capitán de Granaderos cuxas ideas liberais o obrigaron a emigrar a Portugal, casou na Pobra do Caramiñal con Juana Bermúdez. Deste matrimonio nace Ramón del Valle-Inclán Bermúdez.

Nos seus primeiros anos de infancia, Valle-Inclán é testemuña da multiplicidade de ocupacións nas que está inmerso seu pai: arqueólogo, a quen el e seu irmán Carlos estragan un cráneo atopado nas excavacións do castro Aobre en Vilagarcía, cando a ampliación do porto de Vilagarcía, como refire Murguía no libro Galicia:

"Amante del país, el Sr Valle que siempre nos profesó gran cariño, trató de conservar para nosotros; mas habiéndolo guardado en un cajón, fue víctima de los juegos infantiles de los hijos de nuestro amigo.

Pero tamén político como secretario da Xunta revolucionaria de Vilagarcía en 1868 e alcalde de Vilanova de Arousa entre este ano e 1870.

1873.

Inicia os seus estudos na "miga" ou escola de primeiras letras de Vilanova co mestre Francisco de Paula Novoa e trala renuncia deste con José Soto Campos, nomeado en decembro deste ano trala súa chegada procedente de Perdecamay.

1875.

Seu pai gaña o primeiro premio nos Xogos Florais de Santiago co poema "A la ría de Arosa" que asina en Vilanova de Arousa o 8 de xullo.

1877.

O 28 de xullo realiza en Vilanova de Arousa o exame de ingreso no Bacharelato e obtén a calificación de aprobado. Cursa o bacharelato entre os anos 1877 e 1885, pero iso non supón o traslado a Pontevedra e Santiago, cidades nas que alternativamente está matriculado, senón os lugares onde realiza os exames das asignaturas que prepara previamente na súa vila, como entón era habitual. Hai que situar neste momento as clases de latín que recibe na rectoral de Vilaxoán co presbítero Rafael Torrón.

Segundo Camaño Bournacel:

"fue también esta Villanueva arosana y natal en donde Valle-Inclán -diez años cumplidos-tendría sus primeros contactos con el teatro, en la memorable ocasión que vieron y gozaron los vilanoveses... (...) Alboreaba el año 1877 cuando se organizó en aquella villa un cuadro de declamación, en el que Valle-Inclán era poco menos que el "Deus ex machina". Ocurrió que, después de no pequeñas discusiones, prevaleció el criterio impuesto por el niño Ramón de llevar a las tablas "El puñal del Godo", de Zorrilla, en donde aquel personificaba a don Ramiro. Por razones que desconocemos no pareció bien esta elección al entonces párroco don José Benito Rivas, que, por todos los medios a su alcance, procuró impedir la representación. (...) Todo hubiera quedado aquí si al buen párroco no se le ocurriese llevar el asunto al público para censurarlo; porque es el caso que a oídos del niño Ramón llegó la noticia de dicha censura pública, posiblemente tergiversada (...) y llegó cuando precisamente él, armado de punta en blanco con la reluciente armadura... de cartón, y afilada espada... de madera, se hallaba ensayando su papel, que encarnaba con plena identificación del personaje representado y con el coraje y la decisión de un hombre de armas (...) que inmediatamente puso en práctica para bajar furioso del estrado y, raudo como una centella, dirigirse a la inmediata iglesia en busca del dómine acusador que, al ver entrar a aquel iracundo guerrero por la puerta de la sacristía, blandiendo amenazadora espada, no tuvo más remedio que huír hacia el interior del templo (...) Trabajo costó contenerlo y disuadirlo de su idea, pero justo es hacer constar que la representación se llevó a cabo..." .

1878.

Asociado ao seu correlixionario Abelardo Montalvo, seu pai constitúe no barrio vilanovés da Basella unha empresa adicada a aserradeiro e fabrica de fariñas, denominada "Sociedad Mercantil e Industrial en España". A sociedade pecha ao ano seguinte.

O seu coetáneo e amigo da infancia Francisco Lafuente recordábo así:

-"El padre de Ramón tenía una fabrica de aserrar y un molino, negocio éste que le fue mal, porque él era excesivamente bueno... Pues en esa fábrica y en torno a ella Valle-Inclán y yo jugábamos preferentemente a las guerras."

-¿Con sables de madera?

-No; utilizabamos armas más peligrosas: flechas con arco...

Outro amigo da infancia, Pastor Pombo, tamén conservaba lembranzas desta época:

"El local de la infancia donde juntos aprendieron las primeras letras y el sacerdote, a quien las gentes nombraban siempre por su apodo, que le enseñó latín; sus correrías por las corredoiras sombrías y por los caminos de Andrés y Caleiro en las tardes de misión..."

O tempo das excursións cos amigos -tamén co seu pai-, ás Sinas, ao mosteiro da Armenteira, ou ao monte Lobeira, cruzando a aldea de Andrés, é evocado tanto en coñecidos pasaxes de La Lámpara Maravillosa como nalgún poema:

"Atajabamos la Tierra de Salnés, donde otro tiempo estuvo la casa de mis abuelos, y donde yo crecí de zagal a mozo endrino. (...) Aquel aprendizaje de las veredas, diluido por mis pasos en tantos años seme revelaba en una cifra... (...) La Tierra de Salnés estaba toda en mi conciencia por la gracia de la visión gozosa y teologal. Quedé cautivo, sellados los ojos por el sello de aquel valle hondísimo, quieto y verde, con llovizna y sol, que resumía en una comprensión cíclica todo mi conocimiento cronológico de la Tierra del Salnés"

(La Lámpara Maravillosa)

*¡Alma que encantada
Fuiste en tu alborada
Por entre la mies,
Doliente alma mía,
Vuelve en romería
Tierras de Salnés!*

(El Pasajero. Claves Líricas)

Francisco Lafuente e Pastor Pombo conformaban, xunto ao seu curmán Pedro Peña González e ao seu irmán Carlos, o seu grupo de amigos. Este último retrata, nun libro de relatos costumistas de forte carga autobiográfica, titulado Escenas Gallegas o ambiente da vila na que vivían:

"Yo recuerdo, allá en los años de mi mocedad, no muy lejanos todavía, el ansia con que los rapaces de la villa aguardábamos la fiesta de la patrona y el Corpus Cristi: cuando de madrugada, salía desempedrando calles la destemplada murga de Pescozo Longo, nos echábamos de la cama ávidos de no desaprovechar ni una sola de las amenidades del día. Ya recuerdo las acerbas censuras que merecieron, los que pretendían suprimir el matamento y la contradanza de procesiones; y que no pasaba un Carnaval sin el entierro de Vicente, ni la procesión del Viernes Mayor, sin el coro de rapaces, ni una noche de san Juan sin cachelas y sin areas gordas, ni Difuntos sin magosto, en la elevada torre de la iglesia."

Tamén evoca aquí Carlos del Valle-Inclán a lancha de Ventura Pombo, arrendatario do transporte marítimo que facía a travesía a vela desde Vilanova ata a Illa de Arousa e a Pobra do Caramiñal:

"Los días de feria especialmente eran de mucha concurrencia y de mucho negocio para el amo de la lancha (...)con unos que se embarcaban y con el fol de millo que dejaban otros, para que a los dos días se lo devolviesen de harina los muiñeiros del Río das Pedras (...)encontrando siempre los marineros con extraña habilidad sitio donde acomodar un par de bueyes o media ducea de vacoriños (...)Allí sentados, más o menos incomodamente, pasábamos el viaje a contos..."

Recordo que Valle-Inclán traslada ao teatro en Águila de Blasón:

"Un mar tranquilo de ría, y un galeón que navega con nordeste fresco. Viana del Prior, la vieja villa feudal, se espeja en las aguas. A lo lejos se perfilan inmóviles algunas barcas pescadoras. Son vísperas de feria en la villa, y sobre la cubierta del galeón se agrupan chalanes y boyeros que acuden con sus ganados. Las yuntas de bueyes, las cabras merinas y los asnos rebullen bajo la escotilla y topan por asomar sobre la borda sus ojos tristes y mareados".

1879-1882

Seu pai inicia a edición en Vilagarcía do periódico "La voz de Arosa", que el mesmo dirixe ata que desaparece en 1882. En 1880 envía colaboracións a "La Ilustración Gallega y Asturiana" que dirixe Murguía en Madrid.

1884.

Segundo lembra Francisco Lafuente, Valle-Inclán compón neste ano un himno para unha comparsa que se formara en Vilanova denominada "Los Godos":

*"Despierta, hierro, despierta;
de las venganzas la hora sonó;
su honor la patria a nuestras lanzas
se confió.
¡Hurra! A caballo los sagrados manes
corramos a vengar,
vereis cuál huyen los feroces canes
descendientes de Hagar..."*

Este ano, Ramón del Valle Bermúdez volve a ser alcalde de Vilanova de Arousa, se ben por un breve periodo de tempo.

1885.

Seu pai é nomeado membro da Real Academia da Historia. No "Catálogo de individuos" aparece así: "Sr. D. Ramón del Valle, Villanueva de Arosa: 2 de Enero de 1885."

1886.

Inicia os estudos de Dereito na Universidade de Santiago, para o que se traslada a partir deste ano a esta cidade durante o curso académico.

1887.

O día 20 de novembro asina nesta vila o conto "Via Crucis" que publica en 1888 no xornal compostelán "El País Gallego".

1888.

Valle-Inclán está matriculado na Facultade de Dereito da Universidade compostelá, pero aparece (ao igual que sucedera nos censos municipais de 1871, 1875, 1877 e 1881) inscrito no padrón municipal de habitantes de Vilanova de Arousa inscrito, ao lado de seus pais e irmáns, como residente na casa de San Mauro.

Seu pai ocupa neste momento o posto de Secretario do Goberno Civil de Pontevedra.

1890.

Ramón del Valle Bermúdez, que fora nomeado gobernador civil interino o ano anterior, morre o 14 de xaneiro en Pontevedra, a consecuencia dunha gripe. Ao día seguinte é soterrado en Vilanova de Arousa, tal como informa o 16 de xaneiro "La Correspondencia Gallega":

"Ha sido trasladado a Villanueva de Arosa, su pueblo natal, el cadaver de Don Ramón del Valle Secretario del Gobierno Civil de esta provincia..."

Valle-Inclán abandona os seus estudos de dereito na Universidade.

1893.

O 21 de novembro, Dolores Peña Montenegro, nai de Valle-Inclán, vende a casa do Cantillo.

1894.

Valle-Inclán asina o 20 de abril en Vilanova de Arousa a adicatoria a Pedro Seoane que pon ao fronte do seu primeiro libro, Femeninas. Tamén asina aquí a última novela curta desta colección, "Rosarito". A redacción de ambos textos debeu ter lugar na casa do Cuadrante, onde vive a súa avoa.

1895.

Morre no Cuadrante a súa avoa, Josefa Montenegro y Saco Bolaño. Este acontecemento pon o punto final á peripecia vital do escritor na vila. A partir de agora as súas esporádicas estancias en Vilanova de Arousa terán como escenario a casa dos seus curmáns.

Guía realizada por: Francisco Charlín Pérez